

ADDENDA TERCEIRA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E O HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL DE VIGO, PARA POSIBILITAR O USO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DO ALUMNADO CON DISCAPACIDADE NUN CENTRO EDUCATIVO RADICADO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e, que, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, Raúl Torres Insua, que actúa no nome e representación do Hogar y Clínica San Rafael de Vigo na súa calidade de director xerente, segundo consta na escritura notarial número seis mil cincocentos cincuenta e un do 13 de outubro de 2024 do notario do Ilustre Colegio de Madrid, José Periel Martín.

EXPOÑEN

I.- Que o 2 de xuño de 2021 a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Hogar y Clínica San Rafael de Vigo asinaron un convenio de colaboración para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar ao alumnado con distintos tipos de discapacidades nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra (CEEPR HC San Rafael de Vigo). O 29 de xuño de 2022 asinaron unha addenda ao convenio de colaboración para o curso escolar 2022-2023. O 19 de xuño de 2023 asinouse a addenda segunda para o curso escolar 2023-2024. A addenda terceira asinouse con data do 31 de xullo de 2024 para o curso escolar 2024-2025.



II.- Que as necesidades de uso do servizo de comedor escolar para o alumnado con distintos tipos de discapacidades que motivaron o asinamento do convenio manteñen a súa vixencia para o curso escolar 2025-2026.

III.- Que a cláusula décimo terceira do convenio prevé a posibilidade de prórroga por cursos escolares completos, sempre que conste expresamente a vontade das partes asinantes do convenio.

De acordo con todo o anterior, e co obxectivo de garantir o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Hogar y Clínica San Rafael de Vigo acordan a sinatura desta cuarta addenda para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar ao alumnado con distintos tipos de discapacidades nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra (CEEPR HC San Rafael de Vigo) con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta addenda, estender a vixencia do convenio asinado o 2 de xuño de 2021 durante o curso escolar 2025-2026.

Segunda.- Financiamento para o curso escolar 2025-2026

A consellería colaborará co Hogar y Clínica San Rafael de Vigo cunha achega económica de 2,88 euros por usuario, sendo a aportación máxima de 5.126,40 € (2.044,80 € no ano 2025 e 3.081,60 € no ano 2026, para un número máximo de 10 usuarios autorizados, que se financiará con cargo á partida orzamentaria 07.01.423A.221.07 dos orzamentos xerais de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025 e 2026.



Terceira.- Publicidade e rexistro da addenda cuarta. consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade desta addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura desta addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición desta addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura desta addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Cuarta.- Condicións

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo, sen prexuízo da aplicación para o curso escolar 2025-2026 do financiamento establecido na cláusula segunda da presente addenda.

Estando conformes co estipulado, asínase esta cuarta addenda na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

O director xerente do Hogar y Clínica San
Rafael de Vigo

P.D. (Orde do 05.06.2024)

O secretario xeral técnico
Manuel Vila López

Raúl Torres Insua

